Iste contido tratarase dende un punto de vista conceptual e visual ademais de auditivo. Será un repaso e ampliación do tratado en 2º da E.S.O.

- Criterios de avaliación

Identificar (auditiva e visualmente), describir e clasificar os instrumentos, voces e as súas agrupacións, estudando as súas características e a súa evolución ó longo da historia da música.

- Aprendizaxe e mínimos

(*idem* que no apartado anterior)

- Actividades e temporalización

Repaso ás fontes documentais, visionado e audición dos instrumentos e voces

Temporalización: 4 horas

2.6.2.2 Contido: A audición musical e a utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.

Iste contido tratarase en conexión coas formas musicais (v. 2.6.1.3), instrumentos e voces (v. 2.6.2.1) e perspectiva histórico-cultural (v. 2.6.3.2).

- Criterios de avaliación

a) Ler e analizar partituras como apoio á audición

b) Valorar o silencio como condición previa á escoita

c) Recoñecer auditivamente e determinar a época ou o contexto ó que pertencen as distintas obras musicais, identificando e describindo instrumentos, voces, , contexto histórico-cultural e elementos e formas da organización e estrutura musical (forma, ritmo, melodía, textura, repetición, imitación, variación, etc.) das obras musicais propostas

- Aprendizaxe

a) Valorar e aplicar o silencio como elemento indispensable para a audición.

b) identificar e describer nas audicións propostas os precedementos compositivos, estruturas e formas de organización musical coñecidas previamente

c) Seguir e analizar partituras como apoio á audición

- Mínimos

Apartados a) e b) do aprendizaxe

- Actividades e temporalización

As mesmas que nos apartados mencionados.

### 2.6.3 Bloque 3: Contextos musicais e culturais

2.6.3.1 Contido: A música no contexto audiovisual

- Criterios de avaliación

a) Comprensión da relación da música con outros ámbitos e disciplinas de carácter audiovisual: teatro, cine, televisión, etc.

b) Definición e mostras de música incidental para teatro

c) Percepción e estudio dos conceptos básicos da música no cine: banda sonora (*soundtrack*) e música cinematográfica (*score of film*); música diexética e incidental.

d) Comprensión e exemplificación do papel da música no cine mudo (funcións específicas, películas e compositores) e no cine sonoro (épocas, influencias, compositores e películas).

e) Presentación de temas específicos como

- compositores clásicos e especializados en cine
- uso cinematográfico de partituras clásicas
- a música nos diferentes xéneros cinematográficos (ciencia-ficción, western, cine musical, etc.).

- Aprendizaxe

a) Análise de exemplos que reflectan a relación da música cos ámbitos e disciplinas mencionados

b) Distinguir e explicar as diversas funcións que cumpre a música no ámbito audiovisual ó longo do século XX

c) Recollida, creación e modificación de exemplos audiovisuais

- Mínimos

Non

- Actividades e temporalización

a) Exemplificación por parte do profesor da misión da música nos diferentes contextos mencionados

b) Aportación por parte do alumnado de información, traballos ou montaxes relativos os devanditos contextos

Temporalización: 24 horas

2.6.3.2 Contido: A música en diversas épocas e culturas

- Criterios de avaliación

a) Coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, ampliando e diversificando as propias percepcións musicais

b) Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das diversas épocas da historia musical.

c) Distinguir e caracterizar as grandes épocas da historia da música, incluíndo a identificación dos exemplos musicais propostos

- Aprendizaxe e mínimos

(*idem* que no apratado anterior)

- Actividades e temporalización

a) Fontes explicativas da música en distintas épocas e culturas: fundamentalmente aportadas polo profesor, anque os alumnos poderán buscar algunhas por si mesmos

b) Explicación das épocas e culturas dende un punto de vista musical

c) Ilustración das época e culturas con audicións

Temporalización: 4 horas

#### 2.6.3.3 Contido: Valoracións e críticas musicais

- Criterios de avaliación

a) Valoración, asimilación e emprego de conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música

b) Reflexión sobre a difusión musical e especificamente sobre o seu papel en contextos rituais, publicitarios, etc.

c) Amosar interese e actitude crítica cara á música, valorando as propostas musicais dende diferentes puntos de vista: técnico, estético, social, económico...

- Aprendizaxe

a) Utilizar diversas fontes de información para indagar sobre a música obxecto de valoración ou crítica, especialmente as novas tendencias a música popular, etc.

b) Amosar interese por ampliar as preferencias propias e non limitándose a coñecer a música de consumo habitual e masivo.

- Mínimos

Non

- Actividades e temporalización

Reflexión sobre o contido e elaboración de un traballo de información, valoración e crítica

Temporalización: 4 horas

#### 2.6.4 Bloque 4: Música e tecnoloxías

#### 2.6.4.1 Contido: Música e recursos tecnolóxicos actuáis

##### - Criterios de avaliación

a) Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.

b) Utilizar os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

##### - Aprendizaxe

a) Coñecer algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.

b) Participar nos diversos aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado das tecnoloxías.

c) Utiliza a informática para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

##### - Mínimos

Non

##### - Actividades e temporalización

a) Repaso dos conceptos tecnolóxicos básicos:

- Instrumentos electrónicos
- Informática musical
- Computador: conceptos básicos
- Tarxetas de son
- Son dixital: audio e M.I.D.I
- Tipoloxía do software musical

b) Elaboración por parte do alumnado de un traballo informático que reflecta a relación da música coa ciencia e a tecnoloxía

Temporalización: 6 horas

#### 2.7 Obxetivos específicos para 4º de E.S.O.

Debido a que os bloques de contidos previstos para este curso son basicamente os mesmos que os dous anteriores, compre sinalar unha serie de obxetivos específicos para 4º da E.S.O.:

-Participar no traballo musical programado, tanto dentro como fóse do aula, de xeito individual e grupal, con actitude aberta, interesada e respectuosa.

-Fomentar a audición atenta, consciente e silenciosa das pezas utilizadas como exemplo, así como a capacidade de analízalas e adquirir un criterio musical propio e fundamentado

-Adquirir o vocabulario que permita ao alumno explicar de forma oral e escrita os conceptos musicais previstos no programa.

-Valoración da necesidade de utilizar as novas tecnoloxías para a gravación, transmisión e reprodución de música.

-Fomento da lectura comprensiva daqueles textos que se refiren á música; esta actividade estará especialmente indicada no caso de que o alumno aínda non sexa capaz de comprender o que le.

-Profundización na aprendizaxe da linguaxe musical partindo da práctica da lectura e interpretación de partituras realizada previamente.

## 2.8 Avaliación

### 2.8.1 Xeneralidades

En xeral, a avaliación inicial consistirá no establecemento dun diagnóstico previo das capacidades, destrezas e coñecementos posuídos polos alumnos.

Nas tres avaliacións posteriores (1º, 2º e 3º trimestres) o profesor determinará a realización tanto de probas que verifiquen a adquisición dos contidos teóricos e conceptos propostos, como de exercicios e actividades baseadas na práctica e destrezas adquiridas;

Ademais, o profesor observará continuamente as actitudes dos alumnos, valorando e calificando as mesmas en relación coas normas de convivencia do centro, as disposicións legais, a presente programación e o bó desenvolvemento da actividade docente no aula.

O porcentaxe da cualificación da teoría e da práctica musicais chegará ordinariamente a un 80% da puntuación total.

En ocasións, e si o profesor o considera oportuno, poderáse levar a cabo a valoración positiva do traballo musical realizado polo alumno fora do aula, como, por exemplo, a súa participación en actividades complementarias de tipo musical dentro do centro (teclado, canto coral, grupo instrumental..).

Os pormenores da avaliación comunicaránse por parte do profesor ós alumnos ó escomenzar o curso, de forma que éstos saiban a maneira de seren valorados nos distintos apartados.

A avaliación dos conceptos realizarase coa formulación de probas escritas, polo menos unha por avaliación (ou orais si o profesor o considera oportuno), nas que os alumnos acreditarán o seu coñecemento dos contidos conceptuais fixados en cada caso.

Nas probas escritas valoraranse tanto os coñecementos como a correcta expresión escrita dos mesmos, así como a capacidade de definir acertadamente e con linguaxe correcta os conceptos e, sobre todo aplicar ditos conceptos ós casos prácticos propostos.

Por outra banda, a superación de calquera das tres probas non significará de ningún xeito a superación de ningunha das anteriores (sobre a recuperación véxase o apartado correspondente).

Con respecto a avaliación da práctica musical, se o número de alumnos por aula o permite, farase un seguimento personalizado do traballo de cada alumno, o que, á súa vez, permitirá efectuar unha avaliación case continuada do seu progreso académico. Isto será especialmente válido para avaliar as destrezas adquiridas na práctica musical. Iste sistema require a realización de probas e/ou a observación e anotación por parte do profesor do traballo cotián desenvolvido polos alumnos no aula. Dito traballo, especialmente apropiado para a avaliación da práctica musical, consistirá nas pezas ou exercicios interpretados (e ás veces escritos) polos alumnos individual ou conxuntamente que serán contabilizados e valorados polo profesor para a súa posterior puntuación. Tanto no desenvolvemento de toda a materia programada como, especialmente, naqueles contidos nos que domine a práctica, o profesor terá en conta ao avaliar ao alumno a súa asistencia continua a clase e a súa participación activa e responsable nela.

Non só se avaliará o nivel obtido polo alumno nas destrezas musicais mencionadas, senón tamén o progreso relativo observado de acordo cos resultados da avaliación previa e a habilidade espontánea ou natural posuída por él. Con iso, o profesor terá unha idea exacta do esforzo realizado polo alumno para a consecución dos obxectivos propostos. Avaliarase, pois, o progreso relativo do alumno á vista das súas capacidades previas, a súa atención e concentración durante os exercicios.

As actitudes tamén serán tidas en conta como condición necesaria (pero non suficiente) para a consecución dos obxectivos propostos, como sucede, por exemplo, coa valoración da necesidade de

- escoitar en silencio as audicións e interpretacións feitas no aula;
- atender concentradamente ás explicacións do profesor para comprender os conceptos;
- traer o material personal imprescindible;
- asistir a clase con puntualidade e non cometer faltas de asistencia inxustificadas;
- respectar a actividade do profesor e dos demais alumnos sin interrumpila;
- acatar as normas de convivencia; e

- cantas outras actitudes sexan imprescindibles para que tódolos alumnos exerzan o seu dereito a recibir a formación prevista nas mellores condicións.

A avaliación das actitudes segundo se describen require a observación e anotación por parte do profesor das actitudes, positivas ou negativas, manifestadas polos alumnos no aula.

O profesor porá especial interese no xuízo da actitude que cada alumno manifesta no aula. Fomentaranse as actitudes positivas mencionadas (respecto, atención, interese, posesión do material, colaboración, puntualidade, asistencia a clase, etc.). Por outra banda, tratarase de reconducir as actitudes negativas en orde a que non se resinta o bo funcionamento do grupo. O profesor sancionará, polo tanto, ao alumno que incida nas devanditas actitudes cunha perda de puntuación. proporcionada a cada caso . O porcentaxe da cualificación da actitude do alumno no aula será ordinariamente de un 20% da puntuación total. Se o comportamento obxecto de sanción tivese a xuízo do profesor un carácter grave ou fose claramente reiterado, a diminución da cualificación poderá chegar ao 50% da devandita puntuación total. As faltas graves son aquelas acción ou expresións que afectan á dignidade das persoas ou á súa integridade física, interrompen reiteradamente a actividade normal dos compañeiros, e tamén as que non recoñecen as competencias que a lei confire ao profesor no marco legal vixente da comunidade educativa.

### 2.8.2 Alumnos con estudos musicais previos

Os alumnos que posúan coñecementos e habilidades musicais adquiridas á marxe do ensino obrigatorio (conservatorios, academias de música, clases particulares..) deberán traballar os exercicios prácticos e adquirir os coñecementos especialmente establecidos polo profesor de acordo co seu nivel musical; con iso deberán demostrar o seu interese por experimentar un progreso relativo con respecto ao seu nivel de partida avaliado previamente. Dito interese poderá expresarse tamén coa participación deste tipo de alumnado cantando partes solistas, tocando acompañamentos instrumentais, etc.

### 2.8.3 Instrumentos de avaliación

#### 2.8.3.1 Primeiro ciclo de E.S.O.

En 2º de E.S.O., que é o primeiro dos niveis nos que se imparte a asignatura no noso centro, realizaranse probas

- a) prácticas (lectura de partituras, instrumento e canto),
- b) teórico-escritas,
- c) de instrumentos (con audición) e
- d) colectivas.

O alumno deberá aprobar as probas indicadas nos apartados a), b) e c) para ter unha calificación positiva na avaliación correspondente. As probas colectivas suporán un 20% da nota da avaliación segundo o traballo individual de cada alumno, penalizándose negativamente, incluso co suspenso na avaliación a falla de



traballo do devandito alumno ou o seu comportamento incorrecto ou que obstaculice a actividade normal na aula.

As probas prácticas poderán realizarse sen aviso previo (varias por avaliación), mentras que para as teórico-escritas fixarase unha data (unha por avaliación). As devanditas probas escritas de 9 ou 10 preguntas coñecidas anticipadamente polos alumnos, sendo necesario superar 8 delas para aprobar; as preguntas non superadas deberán recuperarse para superar o exame.

A proba sobre instrumentos musicais, con audicións, farase na segunda avaliación.

As probas colectivas consisten na execución e grabación das cancións ou pezas traballadas na aula, na que participa todo o grupo con canto, percusión Orff, piano, guitarra e frautas.

### 2.8.3.2 Segundo ciclo de E.S.O.

Os instrumentos de avaliación serán de tres tipos:

- a) probas que verifiquen a asimilación dos contidos por parte do alumnado
- b) exercicios e actividades prácticas baseadas que demostren a aplicación dos coñecementos e as destrezas musicais adquiridas
- c) observación polo profesor das actitudes e comportamento dos alumnos na súa relación coas persoas presentes no aula e o traballo e actividades de formación nela realizadas.

Os instrumentos de avaliación, expostos de xeito mais concreto serán os seguintes:

- probas escritas (como mínimo unha por avaliación) valorando tanto os coñecementos adquiridos como a correcta expresión escrita dos mesmos;
- probas orais realizadas con frecuencia verificando os devanditos coñecementos, a súa correcta expresión e a atención e o seguimento cotián das clases polo alumnado;
- probas auditivas de recoñecemento, análise, comentario, contextualización, etc., sobre as pezas musicais propostas para a escoita, expresándose as devanditas actividades de forma oral ou escrita;
- exercicios interpretativos e creativos para valorar as destrezas, a técnica e capacidade do alumnado de producir música, vocal e intrumentalmente; istas probas poderán ser
  - prantexadas polo profesor para seren feitas na duración máxima de unha sesión lectiva, ou
  - consistir en pezas ou exercicios propostos con antelación, interpretados polos alumnos ó longo de unha serie de sesións lectivas e

contabilizados e polo profesor para a cualificación a medida que se realizan correctamente;

- observación e anotación das actitudes e comportamento do alumnado, tanto na súa relación coas persoas presentes no aula como no seu interese polo traballo e actividades de formación nela realizadas; atenderáse especialmente á

- asistencia á clase e puntualidade,
- escoita atenta, concentrada e silenciosa das explicacións, audicións e interpretacións feitas no aula,
- respecto á actividade do profesor e dos demais alumnos sin interrumpila;
- traer o material didáctico imprescindible;
- acatamento as normas de convivencia do centro, as disposicións legais, a presente programación e as normas concretas establecidas polo profesor para o perfecto desenvolvemento da actividade docente no aula;
- amosar interese polos contidos a través da linguaxe, tanto escrita como oral e incluso non verbal ou xestual;
- amosar cantas cantas actitudes convintes para que tódolos alumnos exerzan o seu dereito a recibir a formación prevista nas mellores condicións.

#### 2.8.4 Procedementos de avaliación e criterios de cualificación

De acordo coas tres categorías sinaladas no apartado relativo ós instrumentos de avaliación, establécense paralelamente tres procedementos para a realización da devandita avaliación:

a) valoración das probas que verifiquen a asimilación dos contidos por parte do alumnado;

b) valoración dos exercicios e actividades prácticas baseadas que demostren a aplicación dos coñecementos e as destrezas musicais adquiridas;

c) valoración polo profesor das actitudes e comportamento dos alumnos na súa relación coas persoas presentes no aula e o traballo e actividades de formación nela realizadas.

Os criterios de cualificación comunicaránse por parte do profesor ós alumnos ó escomenzar o curso, de forma que éstos saiban a maneira de seren valoradas as súas probas, actividades e exercicios e actitudes.

O primeiro criterio refírese á porcentaxe da cualificación correspondente ás tres categorías sinaladas:

a) a cualificación das probas teóricas mais os exercicios e actividades prácticas chegará ordinariamente a un 80% da puntuación total;

b) a cualificación das actitudes e comportamento do alumno no aula será ordinariamente de un 20% da puntuación total; a fixación deste porcentaxe s actitudes tamén serán tidas en conta como condición necesaria e convinte, pero non suficiente, para a consecución dos obxectivos propostos;

O segundo criterio reflicte o modo de valorar as probas teóricas ou conceptuais:

- a) prantexarase como mínimo una proba formal, escrita, en cada trimestre;
- b) cualificaranse a corrección dos contidos e tamén a adecuada expresión dos mesmos, debendo empregar o vocabulario apropiado para comunicar conceptos musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade;
- c) a superación de unha calquera das tres probas trimestrais non significará de ningún xeito a superación automática de ningunha das anteriores, dado que os contidos de cada unha delas serán específicos.

O terceiro criterio refírese a cualificación das actividades e exercicios de práctica musical:

- a) as diferentes actividades e exercicios de práctica musical serán poderán ser prantexados tanto en probas formais como, sobre todo, de xeito cotián ó longo do curso ou trimestre;
- b) prantexaranse os exercicios adecuados a cada alumno ou grupo de alumnos, valorando o progreso relativo observado de acordo cos coñecementos e destrezas previas, a habilidade espontánea ou natural posuída;
- c) valorarase a atención e concentración do alumno durante os exercicios como mostra do seu interese;
- d) puntuarase sobre todo a corrección dos exercicios;
- e) en ocasións poderáse levar a cabo a valoración positiva do traballo musical realizado polo alumno fora do aula, como, por exemplo, a súa participación nas actividades complementarias (teclado, canto coral, grupo instrumental..), a execución de pezas de seu repertorio persoal, etc.

O cuarto criterio reflicte o modo de valorar as actitudes e o comportamento dos alumnos no aula e no centro:

- a) a avaliación das actitudes requirirá da observación e anotación por parte do profesor das actitudes, positivas ou negativas, manifestadas polos alumnos no aula;
- b) por parte do profesor reforzaranse os comportamentos positivos e sancionaranse as actitudes negativas;
- d) a posta de manifesto e sanción dos comportamentos e actitudes negativas levarase a cabo coa perda parcial da puntuación prevista (ordinariamente o 20% sinalado anteriormente) con cada incorrección que se observe, sendo a perda proporcionada a cada caso; todos os alumnos terán asignada en cada trimestre o devantido 20% que perderán progresivamente a medida que amosan os comportamentos negativos;
- e) se o comportamento obxecto de sanción tivese a xuízo do profesor un carácter grave ou fose claramente reiterado, a diminución da cualificación poderá chegar ao 50% da devandita puntuación total; as faltas graves son aquelas accións ou expresións que afectan á dignidade das persoas ou á súa integridade física, interrompen reiteradamente a actividade normal dos compañeiros ou non

recoñecen as competencias que a lei confire ao profesor no marco legal vixente da comunidade educativa.

## 2.8.5 Recuperación e avaliación final

### 2.8.5.1 Segundo de E.S.O.

Levaráse a cabo segundo o expresado no apartado 2.8.3.1

### 2.8.5.2 Terceiro de E.S.O.

A cualificación final do curso será a media das tres cualificacións trimestrais, a condición de que as devanditas cualificacións sexan iguais ou superiores a tres puntos.

Dado que, como xa es especificou a propósito dos contidos teóricos

*a superación de unha calquera das tres probas trimestrais non significará de ningún xeito a superación automática de ningunha das anteriores, dado que os contidos de cada unha delas serán específicos*

dedúcese que a nota da terceira avaliación non ten por que coincidir coa nota final.

A recuperación dos devanditos contidos teóricos (probas escritas) das avaliacións primeira e segunda levarase a cabo xunto á proba escrita da terceira avaliación. Os contidos prácticos non suxeitos a unha proba puntual poderán recuperarse ó longo do curso para seren cualificados novamente na terceira avaliación. Dita recuperación farase realizando en cada avaliación os exercicios ou pezas anteriores que aínda non foron presentados ó profesor.

## 2.9 Metodoloxía

Iste apartado refírese as estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de forma conscente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

A metodoloxía sustentárase nas seguintes bases:

- a) presentación dos contidos tendo en conta a tipoloxía do alumnado: contexto socio-cultural, capacidades, coñecementos e estudos previos, etc.;
- b) adecuación dos instrumentos de avaliación á realidade conformada polos aspectos sinalados no apartado a);
- c) valoración do alumnado en base ós criterios de avaliación sinalados.
- d) seguemento, verificación, animación, apoio e corrección do traballo cotián do alumnado;

e) fomento das actitudes e comportamentos positivos (respecto, atención, interese, posesión do material, colaboración, puntualidade, asistencia a clase, etc.) e recondución das actitudes negativas en orde a que non se resinta o bo funcionamento do grupo; as devanditas actitudes negativas son todas aquelas que van en contra das normas de convivencia do centro, das disposicións legais, da presente programación e do perfecto desenvolvemento da actividade docente no aula.

## 2.10 Actividades complementarias

Dentro das actividades complementarias descritas no presente proxecto docente, merecen ser destacadas aquelas que se relacionan directamente cos contidos establecidos no currículo da E. S. O. , como é a práctica vocal realizada durante o horario previsto para o canto coral e as sesións de aprendizaxe do teclado, que axudarán a aqueles alumnos que as practiquen a ter contacto directo coa música, a incrementar a súa habilidade interpretativa e formar paulatinamente un criterio musical propio e fundamentado na experiencia.

Outras actividades poderán consistir na realización de traballos nos que os propios alumnos sitúen as obras musicais no seu adecuado contexto histórico e estilístico, relacionando éstas con outros aspectos da cultura ou saber común.

Un complemento especialmente adecuado para o traballo levado a cabo en calquera dos niveis da E.S.O., será a asistencia a concertos didácticos nos que o alumno terá contacto directo coa música interpretada en vivo.

## 2.11 Contribución da música ao logro das competencias básicas

As competencias básicas permiten a resposta adecuada do alumnado en distintos ámbitos:

- social e cidadán,
- artístico e estético,
- científico e tecnolóxico,
- lingüístico e comunicativo.

A didáctica da música exposta nesta programación fundaméntase na consideración de que esta materia ten unha serie de importantes valores formativos que axudan á resposta nos ámbitos citados:

a) desenvolvemento de capacidades perceptivas, fundamentalmente auditivas, centradas nos distintos parámetros do son (altura, intensidade, tono e timbre);

b) fomento das habilidades expresivas que se poñen en xogo na interpretación musical (coordinación motriz ao tocar instrumentos, vocalización no canto, actuación ante os demais, etc);

c) formación dunha capacidade crítica ou valorativa sobre a música dende o punto de vista estético;

d) desenvolvemento da capacidade de aprendizaxe de códigos ou linguaxes diversas alléas ao emprego habitual da lingua oral e escrita;

e) fomento da actividade práctica e non só puramente teórica ou conceptual no aula.

## 2.12 Criterios xerais de avaliación en relación coas competencias básicas

De acordo coas competencias que, tanto as leis relativas ó ensino como as programacións (xeral do centro e particular do departamento) desexan para o alumnado nos ámbitos citados anteriormente, establécense algúns criterios xenéricos de avaliación:

a) valoración da capacidade comunicativa do alumno, tanto oral e escrita como non verbal e, no ámbito específico da música, da expresión artística;

b) como requisito previo para a expresión artística, ten que xulgarse a sensibilidade previa que permite poñer en xogo os matices propios deste tipo de comunicación;

c) valoración da capacidade de asimilar os códigos ou linguaxes requeridas, sendo necesaria no caso da música a atención especial á comprensión das partituras e audicións mediante as que o músico se expresa;

d) observación e xuício do profesor sobre a base matemático-científica que está na base dos fenómenos sonoros;

e) valoración da capacidade de facer música non só individualmente, senón tamén en grupo.

## 2.13 Atención á diversidade

A diversidade será en primeiro lugar identificada de xeito o mais preciso posible, tanto pola observación directa da actividade cotián no aula como nas probas de avaliación previa ó comenzo do curso. Será igualmente importante a colaboración co departamento de orientación do centro para ter unha valoración adecuada da problemática plantexada tanto cognitiva como conductual ou de calquer outro tipo.

A medida principal tomada polos profesores do departamento será, por suposto, a adaptación dos contidos ós casos concretos que así o requiran. Tal recurso, utilizado basicamente en 4º de E.S.O. con diversificación curricular, consistirá no establecemento de grados de dificultade adaptados ás capacidades do alumnado, tanto teóricas como prácticas. A simplificación de exercicios prácticos e probas escritas dará, por tanto, unha valoración mais axeitada do traballo e progreso do alumno.

Con respecto á dinámica da clase, ésta terá que modificarse si a situación o permite. Os alumnos con necesidades especiais deberían poder dispoñer de momentos de atención personalizada por parte do profesor, utilizando éste recursos, materiais ou procedementos alternativos (audiovisuais, instrumentais, dinámica grupal para fomentar a axuda e interacción cos compañeiros, etc.).

### 3. MUSICA EN 1º DE BACHARELATO

#### 3.1 Introducción e contextualización

A continuidade que debe observarse no enfoque da materia de música durante o bacharelato con respecto ao propio de etapas precedentes acentúase, en ocasións, pola falta de base musical dunha parte dos alumnos, ben por proceder de centros privados con distinta metodoloxía (caso moi frecuente en 1º de bacharelato), ben por non cursar a materia en 4º de E.S.O. Iso fai que sexa necesario incorporar aos contidos do bacharelato algúns elementos de repaso dos previstos para a E.S.O., sen os cales non pode abordarse o estudo dalgúns dos aspectos previstos no bacharelato.

#### 3.2 Bloques de contidos

Os bloques de contidos establecidos polo novo currículo para 1º de bacharelato son os seguintes:

- Bloque 1: Destrezas musicais
- Bloque 2: Audición comprensiva
- Bloque 3: Teoría musical
- Bloque 4: Creación e interpretación
- Bloque 5: Tecnoloxías aplicadas ó son

#### 3.3 Obxectivos

Os obxectivos xerais da etapa son os detallados a continuación. O alumno deberá ser capaz de

a) exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade;

- b) consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais;
- c) fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades, discriminacións e violencia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade;
- d) adquirir ou afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións imprescindibles para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal;
- e) dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua castelá e a lingua galega;
- f) expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras;
- g) utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación;
- h) coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social;
- i) acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida;
- l) comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos; coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente;
- m) afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico;
- n) adquirir e desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural;
- o) utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables;
- p) adquirir e afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria;
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de España e Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.



### 3.4 Contidos

Neste apartado póñense en relación

- os contidos,
- os criterios que rexen a avaliación dos contidos,
- os estándares de aprendizaxe,
- os mínimos esixibles correspondentes ós estándares,
- as actividades de aprendizaxe e temporalización correspondentes ós contidos,
- os instrumentos de avaliación propios dos estándares.

Os conceptos agrúpanse de forma que se eviten reiteracións innecesarias e redundancias.

#### 3.4.1 Bloque 1: Destrezas musicais

##### 3.4.1.1 A voz humana e o canto

###### - Criterios de avaliación

Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, intervalos melódicos e harmónicos, melodías con acompañamento e pezas polifónicas.

###### - Aprendizaxe

- a) Coñecer os órganos e as funcións do aparello fonador;
- b) Realizar exercicios de respiración, articulación, impostación etc., e valoralos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal;
- c) Aplicar a técnica vocal para cantar afinadamente e con boa emisión as pezas do repertorio proposto no aula.

###### - Mínimos

(*ídem* que na avaliación anterior)

###### - Actividades e temporalización

- a) Explicación teórica e exemplificación das funcións do aparello fonador;
- b) Realización invididual e conxunta de exercicios de técnica vocal;
- c) Práctica de repertorio vocal

Temporalización: 10 horas

##### 3.4.1.2 Lectura musical e interpretación

###### - Criterios de avaliación

- a) lectura de partituras nas claves de sol e fa en 4ª
- b) aplicación da lectura á interpretación vocal e intrumental

- Aprendizaxe

Lectura e da interpretación en exercicios e pezas musicais

- Mínimos

(*ídem* que na avaliación anterior)

- Actividades e temporalización

Práctica da lectura e da interpretación en exercicios e pezas musicais

Temporalización: 10 horas

3.4.2. Bloque 2: Audición comprensiva

3.4.2.1 Contido: Percepción auditiva, transcripción e memorización dos elementos básicos da técnica musical

- Criterios de avaliación, aprendizaxe e mínimos

a) percepción auditiva, transcripción e memorización de elementos rítmicos: fórmulas breves, compases, etc.

b) percepción auditiva, transcripción e memorización de elementos tonais: intervalos, melodías, acordes, escalas, modulacións, etc.

c) percepción auditiva, e memorización dos timbres vocais e instrumentais;

d) percepción auditiva e análise de elementos formais: estrutura, xénero, etc.

- Actividades e temporalización

Percepción auditiva e análise de obras musicais en base a unha guía previa establecida polo profesor

Temporalización: 10 horas

3.4.3 Bloque 3: Teoría musical

3.4.3.1 Contido: Coñecemento e práctica da grafía musical

- Criterios de avaliación

Coñecemento dos signos gráficos relacionados coas cualidades do sonido:

a) altura: pentagrama e liñas adicionais, claves e a súa relación entre sí, notas, intervalos melódicos e harmónicos, alteracións accidentais e armaduras de clave, escalas tonais e modais, modulación, acordes e función armónicas, cifraxa armónica, ornamentación melódica

b) duración: figuras das notas e silencios, signos que modifican a duración das figuras, compases, subdivisión, grupos irregulares, ritmos catacterísticos (anacrusas, notas a contratempo, síncopas, etc.), signos e palabras indicadoras de *tempi* e articulación

c) intensidade: signos e palabras que a indican ou a matizan

d) timbre: disposición dos instrumentos e voces nas partituras

e) proximación ás grafías contemporáneas

- Aprendizaxe

Recoñecemento auditivo, lectura na partitura e práctica interpretativa dos elementos citados no punto anterior

- Mínimos

a) lectura fluida en claves de sol e fa en 4ª

b) marcación do ritmo según as figuras e combinado coa lectura de notas nos compases máis frecuentes

c) identificación, entoación e interpretación instrumental dos exercicios ou pezas que conteñan os elementos representados nas partituras

d) recoñecemento e aplicación práctica dos signos e palabras referidos á duración e intensidade, así como dos timbres dos instrumentos e voces

- Actividades e temporalización

a) Explicación por parte do profesor dos devanditos elementos gráficos obxecto de coñecemento

b) Realización polo alumnado dos exercicios gráficos propostos para recoñecer e usar os elementos gráficos

c) Interpretación polo alumnado das partituras propostas que conteñan os devanditos elementos

d) Ilustración visual e/ou auditiva da música apropiada para amosar os contidos

Temporalización: 15 horas

#### 3.4.4 Bloque 4: Creación e interpretación

##### 3.4.4.1 Contido: Práctica musical vocal, instrumental e corporal

- Crterios de avaliación

Interpretación, lida e memorizada, tanto vocal como instrumental, de pezas musicais

Interpretación de danzas e monraxes de movemento corporal con fondo musical

- Aprendizaxe

a) Adquirir os coñecementos teóricos previos á interpretación (elementos técnicos representados polas grafías musicais)

b) Adquirir e aplicar as habilidades técnicas necesarias na interpretación, tanto instrumental (preferentemente teclado) como vocal

c) Poñer en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.

- Mínimos

Interpretación vocal e instrumental das pezas mais destacadas do repertorio proposto no aula

- Actividades e temporalización

Análise e explicación das dificultades técnicas presentes nas obras estudadas, así como o seu contexto musical básico

Intrepretación, ben individual, ben grupal, das pezas propostas cun período de tempo prefixado para cada caso.

Percepción visual e auditiva de exemplos de danza e movemento corporal con música, así como montaxe de actividades semellantes coa música apropiada por parte dos alumnos

Temporalización: 30 horas

3.4.4.2 Contido: Organización de actividades musicais

- Crterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

Completar a participación nos tres ámbitos do acto musical (organizativo, interpretativo, e perceptivo) tomando parte nel como organizador e público.

- Mínimos

Non

- Actividades e temporalización

Organización de un evento relacionado coa música no ámbito do centro de ensinanza: concerto, exposición, acto académico con música, etc.

Fomento do traballo organizativo en grupo, tomando conciencia, como parte dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas das demais persoas.

Temporalización: 7 horas

### 3.4.5 Bloque 5: Tecnoloxías aplicadas ao son

#### 3.4.5.1 Contido: O son como fenómeno físico

##### - Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

Coñecemento dos conceptos básicos: parámetros básicos do son, movemento ondulatorio, armónicos, diapasón, sistemas de afinación, etc.

Coñecemento das características acústicas dos instrumentos musicais convencionais e da voz humana, os seus rexistros, capacidades dinámicas, así como o recoñecemento auditivo dos seus timbres

##### - Mínimos

Os indicados no apartado anterior

##### - Actividades e temporalización

Presentación escrita, visual e auditiva dos conceptos e explicación dos mesmos

Resolución de casos prácticos e problemas físico-matemáticos

Temporalización: 7 horas

#### 3.4.5.2 Contido: Novas tecnoloxías aplicadas ao son

##### - Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

Coñecemento (e práctica si hai material dispoñible) dos conceptos básicos:

-Sinal analóxico e dixital; dixitalización do son analóxico,

-síntese do son: mostraxe (samplers),

-hardware musical: reprodutores, amplificadores, micros, altavoces, mesas de mesturas, computadores, tarxetas de son e conexións;

-software musical: editores de partituras e secuenciadores.

-sistemas de gravación analóxica ou dixital, de procesamento de sons de comunicación MIDI

- Mínimos

Definición dos conceptos tecnolóxicos básicos

- Actividades e temporalización

Presentación escrita, visual e auditiva dos conceptos e explicación dos mesmos

Casos prácticos co material dispoñible: elaboración de sinxelas producións audiovisuais

Temporalización: 7 horas

### 3.5 Instrumentos de avaliación

A avaliación inicial terá en conta, en primeiro lugar, o nivel alcanzado polo alumno en cursos anteriores, aspecto este en o que influirá, tanto o feito de cursar ou non a materia nos niveis optativos. como o de realizar estudos musicais á marxe do ensino obrigatorio.

Na avaliación trátase de xulgar a capacidade e o criterio fundamentado con que o alumno analiza as funcións que cumpren a música e a danza na nosa sociedade. Devanditas funcións poden manifestarse nas diversas acepcións que encerran termos como "arte" "música", "canto", "danza", etc., en relación coas necesidades obxectivas que a propia sociedade demanda.

Outro aspecto da avaliación referirase á capacidade de analizar obras musicais atendendo aos seus textos, características formais e trazos estilísticos significativos, situándoas no seu contexto cultural. Entre os factores que hai que ter en conta para realizar a avaliación reviste especial importancia o coñecemento das pezas por medio de audicións sucesivas, o comentario de partituras e de textos e a visión global da obra musical e do seu contexto. Este criterio suporá a valoración do coñecemento que o alumno posúa doutras disciplinas (literatura, artes plásticas, historia, etc.) e a súa capacidade para relacionalas coa música. Por outra banda, a participación activa do alumnado no manexo dos medios de coñecemento musical ao seu alcance (partituras, gravacións discográficas, libros...) e a capacidade de escoita significativa e comentario coa terminoloxía adecuada serán tidas en conta especialmente.

Como consecuencia da importancia que concedemos á práctica musical na materia de 1º de bacharelato, tamén estará entre os criterios de avaliación a valoración do uso das habilidades propias (tanto lectoras como interpretativas) da linguaxe musical. Este aspecto avaliarase tendo en conta o progreso relativo do alumno con respecto ao seu punto de partida, de tal forma que os alumnos que

posúan coñecementos e habilidades musicais adquiridas á marxe do ensino obrigatorio (conservatorios, academias de música..) deberán traballar os exercicios prácticos e adquirir os coñecementos especialmente establecidos polo profesor de acordo co seu nivel musical; con iso deberán demostrar o seu interese por experimentar un progreso relativo con respecto ao seu nivel de partida avaliado previamente. Devandito interese poderá expresarse coa participación deste tipo de alumnado interpretando acompañamentos, pezas solistas ou grupais, tanto vocal como instrumentalmente.

En xeral, os instrumentos de avaliación serán de tres tipos:

- a) probas que verifiquen a asimilación dos contidos por parte do alumnado
- b) exercicios e actividades prácticas baseadas que demostren a aplicación dos coñecementos e as destrezas musicais adquiridas
- c) observación polo profesor das actitudes e comportamento dos alumnos na súa relación coas persoas presentes no aula e o traballo e actividades de formación nela realizadas.

Os instrumentos de avaliación, expostos de xeito mais concreto serán os seguintes:

- probas escritas (como mínimo unha por avaliación) valorando tanto os coñecementos adquiridos como a correcta expresión escrita dos mesmos;
- probas orais realizadas con frecuencia verificando os devanditos coñecementos, a súa correcta expresión e a atención e o seguimento cotián das clases polo alumnado;
- probas auditivas de recoñecemento, análise, comentario, contextualización, etc., sobre as pezas musicais propostas para a escoita, expresándose as devanditas actividades de forma oral ou escrita;
- exercicios interpretativos e creativos para valorar as destrezas, a técnica e capacidade do alumnado de producir música, vocal e intrumentalmente; istas probas poderán ser
  - prantexadas polo profesor para seren feitas na duración máxima de unha sesión lectiva, ou
  - consistir en pezas ou exercicios propostos con antelación, interpretados polos alumnos ó longo de unha serie de sesións lectivas e contabilizados e polo profesor para a cualificación a medida que se realizan correctamente;
- observación e anotación das actitudes e comportamento do alumnado, tanto na súa relación coas persoas presentes no aula como no seu interese polo traballo e actividades de formación nela realizadas; atenderáse especialmente á
  - asistencia á clase e puntualidade,

- escoita atenta, concentrada e silenciosa das explicacións, audicións e interpretacións feitas no aula,
- respecto á actividade do profesor e dos demais alumnos sin interrumpila;
- traer o material didáctico imprescindible;
- acatamento as normas de convivencia do centro, as disposicións legais, a presente programación e as normas concretas establecidas polo profesor para o perfecto desenvolvemento da actividade docente no aula;
- amosar interese polos contidos a través da linguaxe, tanto escrita como oral e incluso non verbal ou xestual;
- amosar cantas cantas actitudes convintes para que tódolos alumnos exerzan o seu dereito a recibir a formación prevista nas mellores condicións.

### 3.6 Metodoloxía

Iste apartado refírese as estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de forma conscente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

A metodoloxía sustentárase nas seguintes bases:

- a) presentación dos contidos tendo en conta a tipoloxía do alumnado: contexto socio-cultural, capacidades, coñecementos e estudos previos, etc.;
- b) adecuación dos instrumentos de avaliación á realidade conformada polos aspectos sinalados no apartado a);
- c) valoración do alumnado en base ós criterios de avaliación sinalados.
- d) seguemento, verificación, animación, apoio e corrección do traballo cotián do alumnado;
- e) fomento das actitudes e comportamentos positivos (respecto, atención, interese, posesión do material, colaboración, puntualidade, asistencia a clase, etc.) e recondución das actitudes negativas en orde a que non se resinta o bo funcionamento do grupo; as devanditas actitudes negativas son todas aquelas que van en contra das normas de convivencia do centro, das disposicións legais, da presente programación e do perfecto desenvolvemento da actividade docente no aula.

### 3.7 Procedementos de avaliación e criterios de cualificación

De acordo coas tres categorías sinaladas no apartado relativo ós instrumentos de avaliación, establécense paralelamente tres procedementos para a realización da devandita avaliación:

- a) valoración das probas que verifiquen a asimilación dos contidos por parte do alumnado;
- b) valoración dos exercicios e actividades prácticas baseadas que demostren a aplicación dos coñecementos e as destrezas musicais adquiridas;



c) valoración polo profesor das actitudes e comportamento dos alumnos na súa relación coas persoas presentes no aula e o traballo e actividades de formación nela realizadas.

Os criterios de cualificación comunicaránse por parte do profesor ós alumnos ó escomenzar o curso, de forma que éstos saiban a maneira de seren valoradas as súas probas, actividades e exercicios e actitudes.

O primeiro criterio refírese á porcentaxe da cualificación correspondente ás tres categorías sinaladas:

a) a cualificación, tanto das probas teóricas como dos exercicios e actividades prácticas será ordinariamente dun 50% da puntuación total por cada un destes dous apartados;

b) dada a idade dos alumnos e a súa previsible madurez, a cualificación das súas actitudes e comportamentos no aula non terá unha porcentaxe concreta da puntuación total, xa que as actitudes positivas serán tidas en conta simplemente como condición necesaria para a consecución dos obxectivos propostos; non obstante, poderanse cualificar negativamente todos aqueles comportamentos que perxudiquen claramente a actividade no aula, impidan o desenvolvemento do proceso formativo e amosen desinterese do alumno por dito proceso.

O segundo criterio reflicte o modo de valorar as probas teóricas ou conceptuais:

a) prantexarase como mínimo una proba formal, escrita, en cada trimestre;

b) cualifícaranse a corrección dos contidos e tamén a adecuada expresión dos mesmos, debendo empregar o vocabulario apropiado para comunicar conceptos musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade;

c) a superación de unha calquera das tres probas trimestrais non significará de ningún xeito a superación automática de ningunha das anteriores, dado que os contidos de cada unha delas serán específicos.

O terceiro criterio refírese a cualificación das actividades e exercicios de práctica musical:

a) as diferentes actividades e exercicios de práctica musical serán poderán ser prantexados tanto en probas formais como, sobre todo, de xeito cotián ó longo do curso ou trimestre;

b) prantexaranse os exercicios adecuados a cada alumno ou grupo de alumnos, valorando o progreso relativo observado de acordo cos coñecementos e destrezas previas, a habilidade espontánea ou natural posuída;

c) valorarase a atención e concentración do alumno durante os exercicios como mostra do seu interese;

d) puntuarase sobre todo a corrección dos exercicios;

e) en ocasións poderáse levar a cabo a valoración positiva do traballo musical realizado polo alumno fora do aula, como, por exemplo, a súa participación nas actividades complementarias (teclado, canto coral, grupo instrumental..), a execución de pezas de seu repertorio persoal, etc.

O cuarto criterio reflicte o modo de valorar as actitudes e o comportamento dos alumnos no aula e no centro:

a) a avaliación das actitudes requirirá da observación e anotación por parte do profesor das actitudes, positivas ou negativas, manifestadas polos alumnos no aula;

b) por parte do profesor reforzaranse os comportamentos positivos e sancionaranse as actitudes negativas;

d) a posta de manifesto e sanción dos comportamentos e actitudes negativas levarase a cabo coa recondución dos devanditos comportamentos por parte do profesor en orde a convertilos en actitudes positivas e a sanción dos mesmos con unha perda parcial e proporcionada da puntuación obtida no trimestre, perda mais ampla se o comportamento obxecto de sanción tivese a xuízo do profesor un carácter grave, fose claramente reiterado ou impidise a actividade normal no aula;

e) as faltas graves que requiren unha sanción especial son aquelas accións ou expresións que afectan á dignidade das persoas ou á súa integridade física, interrompen reiteradamente a actividade normal dos compañeiros ou non recoñecen de facto as competencias que a lei confire ao profesor no marco legal vixente da comunidade educativa.

### 3.8 Recuperación e avaliación final

A cualificación final do curso será a media das tres cualificacións trimestrais, a condición de que as devanditas cualificacións sexan iguais ou superiores a tres puntos.

Dado que, como xa es especificou a propósito dos contidos teóricos

*a superación de unha calquera das tres probas trimestrais non significará de ningún xeito a superación automática de ningunha das anteriores, dado que os contidos de cada unha delas serán específicos*

a nota da terceira avaliación non ten por que coincidir coa nota final.

A recuperación dos devanditos contidos teóricos (probas escritas) das avaliacións primeira e segunda levarase a cabo xunto á proba escrita da terceira avaliación. Os contidos prácticos non suxeitos a unha proba puntual poderán recuperarse ó longo do curso para seren cualificados novamente na terceira avaliación.

## 4. MÚSICA EN 2º DE BACHARELATO

### 4.1 Introdución

No pasado curso 2016-17 a asignatura “Historia da música e da danza”, non estivo incluída nas probas de acceso á universidade como viña sucedendo ata aquel momento. A resultas diste feito xa non é obriga empregar os modelos oficiais de

exame das devanditas probas para a avaliación dos alumnos; do mesmo xeito, as audicións programadas xa non teñen porque coincidir coas que a CIUG exixía.

Por outra banda, para que o alumnado se desenvolva axeitadamente na asignatura será útil o coñecemento doutras disciplinas (literatura, artes plásticas, historia, etc.) e a capacidade para relacionalas coa música. Ademais, será desexable a participación activa do alumnado no manexo dos medios de coñecemento musical ao seu alcance (partituras, gravacións discográficas, libros...).

## 4.2 Bloques de contidos

### 4.2.1 Música e danza da antigüidade ata a idade media

Os temas tratados serán os seguintes:

Orixes da música e da danza nas civilizacións antigüas

Canto gregoriano

Monodía non-litúrxica e profana. Trobadores, xogres e goliardos. Lírica galaico-portuguesa e Afonso X.

Polifonía medieval

Ars antiqua

Ars nova

Notación e ritmo na música medieval

Instrumentos musicais: características, fontes iconográficas...

### 4.2.2 O renacemento

Os temas tratados serán os seguintes:

Periodización

Características xerais: pensamento e cultura, escritura musical, instrumentos, formas musicais

Polifonía renacentista: características e procedementos compositivos

Transición do medioevo ao renacemento. Escola franco-flamenca

Estilos nacionais: Italia, Francia, Inglaterra e Alemaña

Nacemento e desenvolvemento da música instrumental. Organología

Música relixiosa: reforma e contrarreforma

O renacemento en España

Danza renacentista: función social. Nacemento do ballet

### 4.2.3 O barroco

Os temas tratados serán os seguintes:

Periodización

Características xerais

Novas formas musicais e de danza

- Música vogal relixiosa: cantata, oratorio e paixón
- Música vogal profana: nacemento e desenvolvemento da ópera
- Música instrumental: sonata, concerto
- Ballet de cour. Comedia ballet. Danzas cortesás do barroco. O ballet de

Luís XIV

Estilos nacionais: Italia, Francia, Inglaterra e Alemaña

O barroco en España. Música vocal sacra e profana. Teatro musical: ópera e zarzuela. Música nas catedrais galegas.

Instrumentos musicais. Orquestra barroca

#### 4.2.4 O clasicismo

Os temas tratados serán os seguintes:

Periodización e características xerais

O estilo galante e a escola de Mannheim

Principais compositores clásicos: Haydn, Mozart

Música instrumental: sonata, sinfonía e formas estruturalmente afíns. Música de cámara

Música vogal profana. Gluck e Mozart. Ópera bufa e ópera seria

O clasicismo en España

Instrumentos musicais. Piano. Cuarteto de corda. Evolución da orquestra

O ballet no clasicismo. Ballet de acción. Innovacións estéticas e escénicas.

#### 4.2.5 Romanticismo, nacionalismo e postromanticismo

Os temas tratados serán os seguintes:

Periodización e características xerais

Beethoven e o sinfonismo romántico posterior

Música programática

Piano romántico

Música de cámara e Lied

Ópera romántica

Ballet romántico. Transición ao ballet académico. Coreógrafos destacados

Nacionalismo musical

Música española. Ópera, zarzuela e música instrumental. O resurgimiento musical en Galicia

Post-romanticismo

#### 4.2.6 Primeiras tendencias modernas

Os temas tratados serán os seguintes:

O impresionismo. Características e figuras representativas

Novas linguaxes musicais: atonalismo, dodecafonismo, neoclasicismo...

Jazz

Teatro musical europeo e americano a comezos do século XX

Os ballets rusos: S. Diaghilev.

Música española e especificamente galega na primeira metade do século XX

#### 4.2.7 Música e danza na segunda metade do século XX

Novas tendencias: serialismo integral, música concreta, aleatoria e electroacustica

Xeración do 51 en España. Música galega

Instrumentos e novas tecnoloxías aplicadas á música

Música e danza popular moderna: jazz, pop, rock...

Canto e danza folclórica española e especificamente galega

Música cinematográfica, publicitaria, de ambientación

Danza contemporánea. Música e corpo humano

#### 4.2.8 Música e danza tradicionais no mundo

Os temas tratados serán os seguintes:

Características da música e da danza tradicionais: ritmo, melodía, estrutura, textura, movementos, vestuario...

Función social da música e da danza: ritos, festas, oficios...

Instrumentos tradicionais

#### 4.3 Instrumentos de avaliación

A avaliación inicial terá en conta, en primeiro lugar, o nivel alcanzado polo alumno en cursos anteriores, aspecto este en o que influirá, tanto o feito de cursar ou non a materia nos niveis optativos. como o de realizar estudos musicais á marxe do ensino obrigatorio.

Na avaliación trátase de xulgar os coñecementos e o criterio fundamentado con que o alumno analiza a música e a danza a través da historia. Valorarase, pois, á capacidade de analizar obras musicais atendendo aos seus textos, características formais e trazos estilísticos significativos, situándoas no seu contexto cultural. Entre os factores que hai que ter en conta para realizar a avaliación reviste especial importancia o coñecemento das pezas por medio de audicións, o comentario de partituras e de textos e a visión global da obra musical e do seu contexto. Serán, pois, valorables a capacidade de escoita significativa e comentario coa terminoloxía adecuada.

Os instrumentos de avaliación serán probas que verifiquen a asimilación dos contidos por parte do alumnado. De tódolos xeitos, o profesor tamén observará as actitudes e comportamento dos alumnos na aula, por si estas perxudicasen o bó funcionamento da asignatura.

Os coñecementos avaliararanse basicamente con probas escritas (normalmente unha por avaliación) valorando tanto os coñecementos adquiridos como a correcta expresión escrita dos mesmos. As devanditas probas poderán tamén incluír audicións para recoñecer, analizar, comentar, contextualizar, etc., as

pezas musicais propostas para a escoita. Como se dixo na introducción, o modelo de proba non terá que ser necesariamente o da selectividade (tema, definicións e audición), senón que o profesor poderá establecer outro modelo; en calquera caso, iste será comunicado ós alumnos previamente á súa aplicación, xa no primeiro trimestre.

O profesor realizará una observación e anotación das actitudes e comportamento do alumnado si dito comportamento fose incorrecto, tanto na súa relación coas persoas presentes no aula como no seu interese polo traballo e actividades de formación nela realizadas. No caso de producirse accións ou actitudes negativas o alumno sería primeiramente apercibido e, no caso de non correxidas éstas, aplicarínse o expresado no apartado 4.5

No caso das actitudes e comportamento atenderáse especialmente á

- asistencia á clase e puntualidade,
- escoita atenta, concentrada e silenciosa das explicacións, audicións e interpretacións feitas no aula,
- respecto á actividade do profesor e dos demais alumnos sin interrumpila;
- traer o material didáctico imprescindible;
- acatamento as normas de convivencia do centro, as disposicións legais, a presente programación e as normas concretas establecidas polo profesor para o perfecto desenvolvemento da actividade docente no aula;
- amosar interese polos contidos a través da linguaxe, tanto escrita como oral e incluso non verbal ou xestual;
- amosar actitudes convintes para o bó funcionamento da actividade formativa na aula.

#### 4.4 Metodoloxía

Iste apartado refírese as estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de forma conscente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

A metodoloxía sustentarse nas seguintes bases:

- a) presentación dos contidos tendo en conta a tipoloxía do alumnado: contexto socio-cultural, capacidades, coñecementos e estudos previos, etc.;
- b) adecuación dos instrumentos de avaliación á realidade conformada polos aspectos sinalados no apartado a);
- c) valoración do alumnado en base ós criterios de avaliación sinalados.
- d) seguemento, verificación, animación, apoio e corrección da actividade cotián na clase do alumnado;
- e) fomento das actitudes e comportamentos positivos (respecto, atención, interese, posesión do material, colaboración, puntualidade, asistencia a clase, etc.) e recondución das actitudes negativas en orde a que non se resinta o bo funcionamento do grupo; as devanditas actitudes negativas son todas aquelas que van en contra das normas de convivencia do centro, das disposicións legais, da

presente programación e do perfecto desenvolvemento da actividade docente no aula.

#### 4.5 Procedementos de avaliación e criterios de cualificación

De acordo co sinalado no apartado relativo ós instrumentos de avaliación, establécese como procedemento básico de avaliación a valoración das probas que verifiquen a asimilación dos contidos por parte do alumnado. Se o profesor estima convinte un reforzo formativo a base de exercicios, búsqueda de información e exposición de contidos, dito reforzo tamén sería valorado. O modo de valorar as probas teóricas ou conceptuais será o seguinte:

- a) prantexarase como mínimo una proba formal, escrita, en cada trimestre;
- b) cualificaranse a corrección dos contidos e tamén a adecuada expresión dos mesmos, debendo empregar o vocabulario apropiado para comunicar conceptos musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade;
- c) a superación de unha calquera das tres probas trimestrais non significará de ningún xeito a superación automática de ningunha das anteriores, dado que os contidos de cada unha delas serán específicos.

A valoración polo profesor das actitudes e comportamento dos alumnos na súa relación coas persoas presentes no aula e o traballo e actividades de formación nela realizadas, farase do xeito especificado no apartado relativo ós instrumentos de avaliación (4.3). Dada a idade dos alumnos e a súa previsible madurez, a cualificación das súas actitudes e comportamentos no aula non terá unha porcentaxe concreta da puntuación total, xa que as actitudes positivas serán tidas en conta simplemente como condición necesaria para a consecución dos obxectivos propostos; non obstante, en casos concretos poderanse cualificar negativamente todos aqueles comportamentos que perxudiquen claramente a actividade no aula, impidan o desenvolvemento do proceso formativo ou impidan que tódolos alumnos exerzan o seu dereito a recibir a formación prevista nas mellores condicións.

Os criterios de cualificación e a tipoloxía das probas comunicaránse por parte do profesor ós alumnos no primeiro trimestre, de forma que éstos saiban a maneira de seren valoradas as súas probas e actividades formativas.

O primeiro criterio refírese á porcentaxe da cualificación correspondente ás tres categorías sinaladas:

O segundo criterio reflicte o modo de valorar as probas teóricas ou conceptuais:

- a) prantexarase como mínimo una proba formal, escrita, en cada trimestre;
- b) cualificaranse a corrección dos contidos e tamén a adecuada expresión dos mesmos, debendo empregar o vocabulario apropiado para comunicar conceptos musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade;

c) a superación de unha calquera das tres probas trimestrais non significará de ningún xeito a superación automática de ningunha das anteriores, dado que os contidos de cada unha delas serán específicos.

#### 4.6 Recuperación e avaliación final

A cualificación final do curso será a media das tres cualificacións trimestrais, a condición de que as devanditas cualificacións sexan iguais ou superiores a tres puntos.

Dado que, como xa es especificou a propósito dos contidos teóricos

*a superación de unha calquera das tres probas trimestrais non significará de ningún xeito a superación automática de ningunha das anteriores, dado que os contidos de cada unha delas serán específicos*

a nota da terceira avaliación non ten por que coincidir coa nota final.

A recuperación dos devanditos contidos teóricos (probas escritas) das avaliacións primeira e segunda levarase a cabo xunto á proba escrita da terceira avaliación, salvo no caso de que xa se fixeran recuperacións puntuais nas avaliacións 1ª e 2ª.

### 5. ALUMNOS PENDENTES

#### 5.1 Probas

A materia pendente superarase cunha soa proba que se realizará na data fixada para ese efecto no calendario xeral de exames para alumnos con materias pendentes. Ademais de devandita proba, os alumnos disporán dunha segunda convocatoria no terceiro trimestre á que poderán presentarse en caso de non obter unha cualificación positiva na anterior. En ambas as probas considerarase materia de exame todos os contidos mínimos correspondentes.

#### 5.2 Contidos mínimos

##### 5.2.1 Introducción

Co obxectivo de facilitar a avaliación positiva da materia a aqueles alumnos coa música pendente, o departamento establece os contidos mínimos en base aos que se elaborarán as probas anteriormente citadas. En calquera dos tres cursos de E.S.O. nos que se imparte a materia de música, debido á aprendizaxe da linguaxe musical, ditas probas serán non só de tipo teórico senón tamén práctico, debendo realizarse algúns exercicios sinxelos de lectura ritmada ademais do exame escrito.

##### 5.2.2 Contidos mínimos para 2º de E.S.O.



### 5.2.2.1 Instrumentos musicais

Son os seguintes:

-Clasificación xeral: corda, vento, percusión e as súas distintas subdivisións

-Instrumentos da orquestra sinfónica: enumeración e composición dos distintos grupos

### 5.2.2.2 Voz humana e canto

Son os seguintes:

-Clasificación das voces: masculinas e femininas, agudas e graves

-Tipos de coros: de voces mixtas, de voces iguais

### 5.2.2.3 Conceptos de linguaxe musical aplicados á altura do son

Son os seguintes:

-Pentagrama, clave e notas

-Definición de intervalo. Ton e semiton

-Bemol, sostido e becuadro. Alteracións na clave e accidentais

-Denominación das notas aplicada ao teclado

- Acordes, definición e usos

### 5.2.2.4 Conceptos de linguaxe musical aplicados á duración do son

Son os seguintes:

-Figuras das notas e silencios

-Definición de compás

-Compases: tipoloxía segundo os acentos (binarios, ternarios..) e fraccións indicadoras (2/4, 3/4..).

-Signos que modifican a duración das figuras: puntiño, ligadura e caldeirón

-O movemento ou tempo: palabras italianas que o indican (allegro, adagio..).

#### 5.2.2.5 Conceptos de linguaxe musical aplicados á intensidade do son

Son os seguintes:

- Palabras italianas que indican matices uniformes (forte, piano..).
- Signos e palabras italianas que indican gradación de intensidade (crescendo, diminuendo..).

#### 5.2.2.6 Práctica musical

Son os seguintes:

Lectura e medida ritmada de notas

- en clave de Sol
- en compases de 2/4, 3/4 e compasillo
- coas seguintes figuras: redonda, branca, negra e corchea
- con puntiños, ligaduras e caldeiróns

#### 5.2.3 Contidos mínimos para 3º de E.S.O.

Serán os de 2º da E.S.O. mais os seguintes:

- Definición de ementos estruturais: introducción, coda, cadencia, etc.
- Definición e recoñecemento dos diversos xéneros musicais: vogal e instrumental, relixioso e profano, de cámara e sinfónico, etc.
- Definición das texturas básicas: monodia e polifonía, armonía e contrapunto.
- Breve definición e enumeración de formas instrumentais: rítmicas (p. ex. a marcha), libres (p. ex. a fantasía), introductorias (p. ex. o preludio..) , imitativas (p. ex. o canon..), múltiples (p. ex. suite, variación..), de sonata (p. ex. sinfonía e concerto..),
- Idem das formas vocais (p. ex. canción e lied, ópera, oratorio..)
- Períodos da historia da música (Idade media, renacemento, barroco, clasicismo, romanticismo e século XX), principais características destes períodos e algunhas obras e compositores representativos.

#### 5.2.4 Contidos mínimos para 4º de E.S.O.

Serán os de 2º e 3º de E.S.O. referidos á linguaxe musical e á práctica musical máis os seguintes:

-Conceptos básicos de música cinematográfica: banda sonora (soundtrack) e música cinematográfica (score of filme); música diexética e incidental.

-Acontecementos fundamentais da historia da música cinematográfica: cine mudo e sonoro

-Conceptos básicos de informática musical - Computador: conceptos básicos - tarxetas de son on dixital: audio e M.I.D.I e tipoloxía do software musical

## 6. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

En xeral, a temporalización dos contidos levarase a cabo de acordo coa orde no que se expón na presente programación.

En 2º de ESO comezarase coa linguaxe musical e a práctica vocal e instrumental, (sempre de menor a maior dificultade e manténdose ambos ao longo de todo o curso), seguirase con aqueles contidos que se consideren ferramentas básicas no desenvolvemento dos bloques auditivo, creativo e contextual (como, por exemplo, o coñecemento dos instrumentos musicais e voces) para abordar logo os aspectos máis complexos de devanditos bloques: análise de audicións, creación de fragmentos musicais, valoración do contexto que serve de marco á obra de arte musical, etc.

En 4º de ESO poderá ser aconsellable un repaso dos fundamentos teóricos e prácticos da linguaxe musical se o nivel dos alumnos así o indica nunha avaliación previa.

Por outra banda, o departamento de música xulga moi conveniente a mestura de contidos de diverso carácter para conseguir unha maior variedade, amenidade e, por conseguinte, un maior rendemento no aula; así, poderá dividirse o tempo dispoñible (trimestre, semana e ata sesión) entre diferentes actividades: teoría da linguaxe musical e a súa práctica, interpretación vocal e instrumental, ritmo e entonación, contexto da obra musical e a súa audición, etc.

A temporatización correspondente ós contidos da L.O.M.C.E. aparece especificada nos apartados correspondentes.

## 7. MATERIAL DIDACTICO

O material didáctico co que conta o departamento de música para levar a cabo a programación propia da materia é o seguinte: instrumentos Orff, un equipo formado por mesa de mesturas á que se conectan, ademais de amplificador e altosfalantes,

reprodutores de cd's, dvd's, etc., un computador de sobremesa, algúns libros e partituras, instrumentos percusivos, un piano electrónico de 88 teclas, 16 teclados electrónicos de 61 notas comprados con cargo ao orzamento do centro. Con frecuencia utilízase un dos proxectores de vídeo con que conta o instituto.

Non se propón ningún libro de texto obrigatorio, nin en E.S.O. nin en bacharelato, debendo os profesores do departamento proporcionar ao alumnado os textos, partituras que se consideren necesarios. O alumno deberá acudir ao aula sempre en posesión do material requirido polo profesor: fotocopias de textos e partituras, papel pautado, etc.

## 8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS XENERAIS

### 8.1 Concertos didácticos

Poderá establecerse a asistencia dos alumnos de música aos concertos didácticos (p. ex. os organizados no Auditorio de Galicia ou no Teatro Principal de Santiago) se parecen pedagóxicamente apropiados segundo o criterio dos profesores do departamento.

### 8.2 Grupos vocais e instrumentais

Se é posible organizarase algún grupo instrumental ou vocal (coro para traballar técnica de canto e repertorio coral, cuarteto de corda..) fose do horario lectivo, cos alumnos interesados niso e que, ademais da suficiente capacidade musical, teñan dispoñibilidade de tempo.

## 9. CONTRIBUCIÓNS A ACCIÓNS DIVERSAS

### 9.1 Educación en valores

Fomentaránse os valores especificados, tanto na didáctica da materia como na dinámica da clase e nas distintas actividades. Ditos valores refírense fundamentalmente á educación

- a) ambiental,
- b) vial,
- c) para a saúde,
- d) o consumo,
- e) a igualdade e
- f) a paz.

Dadas as características da materia, os ámbitos mais axeitados para tratar, tanto a nivel concptual como práctico, son os puntos c), d) e), f).

## 9.2 Proxecto lector

O fomento da lectura comprensiva levaráse a cabo

- fomentando o manexo de bibliografía encontrada polo propio alumno;
- revisando as ideas asimiladas a partir da análise de breves textos con sinxelos conceptos musicais;
- expresando os devantitos conceptos con adecuado vocabulario e expresión propia, diferente do texto manexado;
- realizando lecturas en voz alta diante do grupo para mellorar a dicción;
- propoñendo a realización de traballos escritos a partir de fontes determinadas para unha posterior presentación;
- fomentando o achegamento á literatura de contido ou temática musical.

## 9.3 Plan de convivencia

Como acción fundamental para levar a cabo no marco do plan de convivencia, establécese a necesidade de considerar o aula como un espacio non só de traballo, senón de respecto e comunicación.

Ademais da avaliación de actitudes tal como se describe nos apartados anteriores relativos a materia na E.S.O., tentarásese de transmitir a todo o alumnado a necesidade de considerar o centro como un lugar de convivencia, aplicando as normas concretas do plan de convivencia en coordinación coa dirección e xefatura de estudos.

As actitudes de respecto deberán verificarse casi constantemente, incluso no trato entre os propios alumnos, de xeito que non se produzan episodios de discriminación, confrontación, presión, violencia verbal ou física, etc.

## 10. AVALIACIÓN E MODIFICACIÓNS DA PROGRAMACIÓN

### 10.1 Avaliación

Esta programación será avaliada en tres momentos:

- 1) ó comenzo do curso por parte da inspección;
- 2) durante o curso por parte dos profesores do departamento
- 3) ó final do curso na memoria do departamento.

As modificacións faranse cuando sexa necesario e serán incorporadas ó texto da programación nos momentos 1) e 3).

## 10.2 Modificacións

Tendo en conta a memoria de xuño, considéranse as seguintes modificacións na E.S.O.:

- a creación de fragmentos musicais será moi simple dada a falta de experiencia musical previa;

- para o avance na técnica vocal tentarásese de facer un desenvolvemento previo do oído musical;

- á aplicación da música a outros ámbitos específicos dedicaráselle un certo tempo a pesar da falta de horas nunha asignatura con dúas clases semanais.

- en canto á lectura comprensiva, faráanse explicacións pormenorizadas de moitos términos presentes nos contidos da asignatura, incluso aqueles non especificamente musicais.

Tanto na E.S.O. como no bacharelato tentarásese de paliar a consabida diferenza de nivel entre

- a) os alumnos con estudos previos de música e os demais;

- b) os alumnos de E.S.O. procedentes de outros centros e os “propios” do centro.

Ademais fomentaráse a práctica específica da expresión escrita cos alumnos de 2º de bacharelato.

## 11. PROFESORES DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Enrique Outomuro Vázquez e Manuel J. Cela Folgueiras (xefe do departamento)